



CONVOCATORIA PROXECTOS DE FIN DE ESTUDOS/AULA ABERTA CURSO 2014-2015

Bases xerais

1. Poderá presentarse a esta convocatoria o alumnado que teña rematado, coa calificación de apto/a, o derradeiro curso da súa especialidade no curso 2013-2014. Para poder presentar o proxecto deberanse ter cursado, asimesmo, as materias complementarias correspondentes, agás o alumnado de horario de mañá, que non as ten incluídas no seu plan de estudos.
2. Esta actividade consiste na presentación e desenvolvemento dun proxecto persoal directamente relacionado coa especialidade rematada no curso 2013-2014, que será informado polo profesor titular da mesma tendo en conta as especificidades recollidas no apartado 8.2 da presente convocatoria, e que poderá ser desenvolvido de xeito non presencial polo alumno/a ao longo do curso 2014-2015, baixo a tutela do/a docente.
3. A estes efectos, o alumnado seleccionado poderá acudir durante o curso 2014-2015, no tempo establecido como AA no cadro horario de cada especialidade, ao taller da EMAO, para poder ser asesorado/a e dirixido/a no desenvolvemento do proxecto, en modalidade de titoría, non lectiva, polo/a docente da especialidade. Isto sen prexuízo de que para o correcto desenvolvemento do proxecto, este necesite realizarse polo alumnado fóra das instalacións da Escola.
4. A selección do proxecto de fin de estudos non implica matrícula na EMAO, abríndose soamente un rexistro anual de proxectos seleccionados. Non obstante, a todos os efectos, o alumnado seleccionado figurará inscrito como de pleno dereito no Centro durante o curso.
5. Á finalización do proxecto, que deberá ser rematado antes do fin do curso 2014-2015, o docente-titor emitirá un informe de valoración no que conste se o alumno/a acadou ou non os obxectivos expresos indicados na súa memoria inicial de proxecto.
6. Á vista do informe citado en 5, a EMAO poderá emitir, a solicitude do/a interesado/a, un certificado específico de realización desta actividade.
7. Soamente se poderá presentar un proxecto por alumno/a.
8. Presentación e selección de proxectos:
 - 8.1. O alumnado que cumpra a condición recollida no apartado 1 poderá presentar, no rexistro da Unidade Administrativa da EMAO, un proxecto persoal que conterá, como mínimo, os seguintes apartados :
 - Encabezamento: *Solicitude de selección de proxecto de Fin de estudos curso 2014-2015.*
 - Datos completos do alumno/a
 - Nome do Proxecto
 - Especialidade
 - Sinopse
 - Obxectivos xerais e específicos
 - Contido
 - Temporalización: fases
 - Resultado final esperado
 - 8.2. Comisión de valoración: unha comisión formada polo Director, o Xefe de estudos, o/a profesor/a da especialidade e un profesor/a elixido por cada un dos departamentos, seleccionará, previo informe escrito do profesor/a da especialidade, de xeito libre e motivado,



aqueles proxectos que considere de interese, valorando os seguintes apartados:

- Orixinalidade
 - Implicación no proxecto dos coñecementos, técnicas e destrezas adquiridos polo alumno/a durante a súa formación.
 - Capacidade intrínseca do proxecto de xerar novo coñecemento ou fixación de aptitudes e actitudes
 - Coherencia e viabilidade
 - Orzamento estimado
 - Deseño e presentación
 - Adaptación á modalidade de titoría
9. A EMAO publicará, no Taboleiro e na web, o listado dos proxectos de fin de estudos seleccionados, facendo constar o nome do alumno/a, especialidade e denominación do proxecto. A activade dará comezo ao mesmo tempo que o curso escolar.
10. Os materiais necesarios para a realización do proxecto serán integramente por conta do alumno/a seleccionado/a.
11. Se o proxecto ten como resultado algún produto material, o alumno/a poderá, se así o desexa, facer doazón ou depósito do mesmo para a escola. A Xunta Reitora, a proposta do/a Director/a da EMAO, tralo informe do profesor/a-titor/a do proxecto, decidirá se acepta ou non a doazón ou depósito.
12. O alumnado seleccionado, de ser o caso, comprométese a permitir a exposición pública por parte da EMAO, dos elementos materiais produtos finais do desenvolvemento do proxecto, así como, se é o caso, a autorización para a publicación dos resultados.
13. Prazos:
- Do 15 de maio ao 10 de xuño, presentación de proxectos por parte do alumnado.
 - Do 10 ao 17 de xuño, informe dos proxectos por parte do profesorado e presentación da ficha de cada proxecto seleccionado á Comisión citada en 8.2.
 - Do 18 ao 27 de xuño: estudo e selección de proxectos pola Comisión de valoración
 - Día 30 de xuño: exposición pública (taboleiro e internet) do listado de alumnado e proxectos seleccionados.
14. En desacordo coa selección dos proxectos realizada pola comisión de valoración poderá presentarse reclamación polo alumnado interesado, perante a dirección do centro, no prazo dun mes contado a partir da data de exposición pública.

Vigo, 12 de maio de 2014

O DIRECTOR E.F. DA EMAO

Asdo.: Rafael Ojea Pérez